

*Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se resolve definitivamente o concurso de traslados específico, entre persoal funcionario docente do corpo de mestres e do corpo de profesores de ensino secundario, para cubrir prazas nos centros específicos de educación e promoción de adultos.*

Mediante Orde do 13 de novembro de 2020 convocouse concurso de traslados específico, entre persoal funcionario docente do corpo de mestres e do corpo de profesores de ensino secundario, para cubrir prazas nos centros específicos de educación e promoción de adultos.(DOG núm. 242, do 1 de decembro).

Consideradas as reclamacións e renuncias producidas na resolución provisional e de conformidade co establecido na base décimo sétima da dita Orde do 13 de novembro de 2020, esta dirección xeral

### RESOLVE

Primeiro. Facer pública, no anexo I desta resolución, a adxudicación definitiva dos destinos obtidos por funcionarios/as do corpo de mestres/as e do corpo de profesores/as de ensino secundario no concurso de traslados específico convocado pola Orde do 13 de novembro de 2020.

Segundo. Publicar a relación definitiva de persoas excluídas que se relacionan no anexo II desta resolución, polas causas que se indican.

Terceiro. A toma de posesión dos destinos obtidos neste concurso terá efectos do 1 de setembro de 2021 e cesarán no seu destino de procedencia o 31 de agosto dese ano.

Cuarto. Contra esta resolución as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou ben, directamente un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo que resulte competente, segundo o establecido na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

